

DEFENDER O NOSO CAMPO

UN OUXETIVO INMEDIATO.

Nos derradeiros meses estamos asistindo a unha auténtica xeneralización das loitas no campo. Os vendimadores de Jerez, a protesta xeneralizada dos gandeiros do Norte e, ante todo, as impresionantes accións dos pimentoneiros navarro-riojanos son o espóntaneamente máis outo do fondo descontento que hoxe existe no agro español.

O que motiva estas movilizacións sin precedentes é a desastrosa política agrario-comercial do réximen ao servizo do capitalismo monopolista e, ao propio tempo, a maduración da vontade campesiña de facerlle fronte. Estas loitas campesinas veñen a darse nun intre no que a ditadura atópase máis aillada que nunca; veñen a darse nun intre no que parece preverse unha gran ofensiva da clase obreira contra a carestía da vida, que pasa moi por enriba do que dan de sí os xornaleiros, e máis doutros sectores que como os estudantes e os profesionais van agravarse día a día os seus problemas. Neste contexto o feito da extensión da loita no campo ten unha importancia que pode ser decisiva. O impulsar esa loita, espallala, axudarlle ós labregos a coordinala cos outros sectores, moi especialmente co da clase obreira, é hoxe unha tarefa fundamental do Partido.

En Galicia, xa temos vivido accións campesinas encol do NON PA GAR e polo gravísimo problema do leite, que aínda sigue sin re-

a voz do pobo

¡Proletarios de todos os países unídevos!

ORGAN DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA - Ano V - Nº 16 - 5 Outubro 1973 - 8 Pts.

GALEGOS

OUTRA BURLA PROS

(DECLARACION DEL P. C. DE GALICIA)

Outra vez máis, o Goberno de Franco - vou representar a Galicia a comedia de - que sinten preocupación polo noso desenvolvemento, hastra o punto de que, escoitando-lles falar, e lendo as súas declaracións na prensa legal, parece como si Galicia - tivera deixado atrás o subdesenvolvemento e - que os nosos compatriotas da emigración - ven voltar ó seu país, transformado en - marcha.

Pero as cousas non son tan bonitas como as pintan os axentes da ditadura centralista. Os obreiros, os campesinos,

maríneiros e intelectuais de Galicia, - saben dabondo o falsas que son esas verbas e o que se parecen ás que ano tras - ano viñeron pronunciando, nunha serie de promesas non cumpridas nin satisfeitas, - a non ser no beneficio de certa oligarquía totalmente vendida ós intereses do poder central e fiel continuadora, entre nós, da opresión faixista que pesa sobre España.

Fáíannos agora dunha gran Área de Es-

Pasa á páxina 2

solver. Pero a situación actual é, en certos aspectos, absolutamente nova.

A toma de postura dun sector importante da burguesía agraria encol dos prezos da carne, pasou da simple queixa a formas de protesta e acción, que sin acadar o grado de combatividade dos pimentoneiros navarros, son algo sen precedentes en Galicia.

Estos gandeiros a través dos organismos oficiais, teñen condenado dun xeito aberto a política de ruina levada a cabo polo Ministerio de Comercio, tendente a destrución da gandería. Facendo uso da gran prensa, chamaron a non vender a carne por debaixo dun prezo mínimo remunerativo, colocáronse carteles nas Hermandades, nas parroquias, por todas partes, creándose con elo unha situación de gran tensión que se ven estendendo a todos os sectores campesinos.

Neste senso, veñen dando un magnífico exemplo de como se poden utilizar as posibilidades legais pra preparar as loitas, coordinalas e espallalas.

Por outra banda, estes gandeiros teñen que comprender que pra chegar a ter resultados positivos nas súas urxentes e xustas demandas hai que pasar a acción máis decidida. O exemplo dos labregos navarro-riojanos, en canto a mobilización, é terminante e digno de seguir. Mais ese mesmo exemplo ten outra vertente que non pode ser esquecida: Os horteláns da ribeira do Ebro que foron capaces de organizar esa magnífica loita cando deixaron nas mans das autoridades oficiais os seus asuntos fiándose do Presidente da Hermandad Nacional, Mombiedro, foron traicionados. Non pagádoselle así o kilo de pimentos a 6 pts., como se lles prometeu e foi acordado, sinón a 5 pts. e aínda menos. Eso amosa que os labregos, como os obreiros, non poden e non deben de fiarse de promesas o aire e deben de manterse mobilizados hastra lograr o que consideran xusto.

Unha situación como a actual existe - do Partido un enorme esforzo en varios - sentidos: dunha parte, trátase en primeiro lugar de coñecer máis a fondo os problemas do agro, a xusteza das reivindicacións polas que loitan os labregos, neste caso os gandeiros. ¿Pra qué? Dende logo pra defendelas, o mesmo tempo que pra explicalas, con fundamento, dismistificando así o engaño de que fai ouxeto ó traballador, á ama da casa da vila, etc. a

Pasa á páxina 4

Outra burla...

Ven da páxina 1

pansión Industrial, que viría a sustituir ós fracasados (eles mesmos recoñecen o seu fracaso), Polos de desenvolvemento da Cruña e mais de Vigo. Falamos de industrialización en Villagarcía de Arosa, con un complexo de fabricación de aluminio, e das Pontes de García Rodríguez, co seu complexo elétrico. Tamén nos falando fomento da riqueza gandeira e tratando de convencernos das excelentes instalacións da Seguridade Social en Galicia.

Pero ninguén deles nos fala de qué criterios van prevalecer nese area industrial e de cales van ser as diferenzas respecto ós Polos de desenvolvemento, pra que poida trunfar onde éstos fracasaron. Esquencense de dicir que aínda non haberá superpuerto pra Villagarcía de Arosa, pra dar saída a esa "fantástica" produción de aluminio na que, por certo, soio se crearán 2.500 postos de traballo, cando as inversións din que serán de máis de 26.000 millóns de pesetas. E tampouco recordan en público que as minas de lignito de Pontes de G.R. teñen unha capacidade limitada e que as custosas instalacións que agora montan non van servir pra nada dentro dunhos anos. Non nos din que a industrialización de Galicia vai sere de segundo orden, ó servizo das grandes empresas e monopolios españois; que a Siderúrxica estase montando xa en Sagunto e que non vai vir pra eiquí; que o dique de medio millón de toneladas vai ir pra Cadiz e non pro Ferrol, e que eiquí seguirán montando celulosas mentras as papelerías están noutros sitios.



Do noso campo, aínda non sabemos como se atreven a falar, cas humillacións a que someteron ós nosos labregos perante todo iste ano. Os problemas dos escedentes do leite, o control de prezos sobre os gandeiros (mentras que tódolos intermediarios o van aumentando hastra chegar ó

consumidor) e mais as cargas que supuxo a S.S. Agraria, son algú dos principais problemas que non soio o réximen franquista non resolveu, senon que contribuiu a agravar. Como tampouco logrou resolver os graves problemas da asistencia sanitaria nos medios rurales, por moito que diga Licinio de la Fuente sobre as súas modernas instalacións en algunhas cidades.

A aprobación de doce Centros de "Enseñanza General Básica", tres institutos de Ensino Medio e mais unha Escola Técnica de Arquitectura na Cruña son as solucións que o Goberno veu a dar á grave situación educativa de Galicia, materia na que xa nin siquiera se atreveron a emplear a demagogia.

O famoso "Plan de Accesos a Galicia" sigue sendo aínda a eterna cantinela sin solución. Mentras se anuncia con moito bombo e platillo a Autopista do Atlántico, concesión feita a grandes empresas monopolistas privadas que lle reportará un pingüe negocio a base de explotar un servizo público, a infraestrutura de vías e comunicacións de Galicia sigue sendo ouxeto de total abandono.



Que naide se faga ilusións, así Galicia non soio non se desenvolverá, senon que o seu desfase co conxunto medio do país seguirá aumentando. O capitalismo español non soio orienta as súas inversións hacia as zonas máis desenvolvidas, senon que o propio aforro galego sigue o mesmo camiño a través da Banca Privada e das Caixas de Aforro, principalmente. A devandita orientación é tamén compartida por unha minoría oligárquica galega que dispón de recursos financeiros.

Pra saír do subdesenvolvemento, pra eliminar a emigración, desenvolver o campo, crear unha industria competitiva que dé traballo a tódolos galegos, posibilitar un sistema educativo que permita o acceso á educación de tódolos fillos do pobo galego, pra implantar unha sanidade axeitada as nosas necesidades actuais, pra

conquerir todo isto, no que está interesada vitalmente a gran maioría da nosa sociedade, é necesario que Galicia seña do na dos seus propios recursos, é necesario que os centros de decisión económicos e máis políticos pasen a estar en Galicia, é necesario, nunha palabra, un Goberno propio que garantice, no conxunto dos pobos do Estado español, unha planificación acorde cas necesidades do noso pobo.



Pero hoxe, o maior obstáculo que se opón o logro desta situación é a existencia da ditadura que pesa sobre nós sobre o conxunto dos pobos de España. Por iso, o problema político a resolver en primeiro lugar é o derrocamento da ditadura, xunto co restablecemento das liberdades políticas, completadas en Galicia co dereito de autonomía.



Neste senso, os comunistas propoñemos un acordo de todas as forzas políticas e sociais interesadas nun cambio da actual situación. Iste acordo deberá de ser a aportación de Galicia á alternativa democrática que se elabore no ámbito do Estado español e que, xunto ca Folga Nacional, dé o traste coa ditadura e implante a liberdade que abra o camiño pra facer os cambios de fondo que Galicia necesita.

Comité Executivo do P.C. de Galicia

Setembre de 1.973



sobre la crítica y la autocrítica en el partido



Con este artículo vamos a tratar de abordar algunos de los aspectos generales que plantea el tema de la crítica y de la autocrítica en el seno del Partido. No pretendemos ser exhaustivos ni mucho menos agotar un tema que consideramos de enorme importancia. Se trata, sobre todo, de sentar las bases mínimas para que la capacidad crítica y autocrítica de los militantes se desarrolle aún en mayor medida que hasta ahora, y todo ello desde la perspectiva de situar cada vez más, y también en este terreno, al Partido en el centro de las luchas de las masas populares gallegas.



En la actual realidad política de Galicia es un hecho constatable a diario el papel decisivo que cada día en mayor medida viene jugando nuestro Partido en las luchas del pueblo gallego. Pero la constatación de este hecho, que supone un motivo de orgullo para los comunistas gallegos, nos lleva precisamente a no perder de vista ni un solo momento el otro polo de la cuestión: el problema de las insuficiencias que aún hoy tenemos en diferentes órdenes de nuestro trabajo y la imperiosa necesidad de su superación. Es en este terreno, y junto con una serie de aspectos que no vamos a tocar aquí, donde queremos inscribir el problema de la crítica y la autocrítica en el seno del Partido.

Quando afirmamos que la crítica y la autocrítica son un arma fundamental para el desarrollo del marxismo, que es a través de ellas y en contraste directo con otras ideologías, cómo el marxismo-leninismo se fortalece y avanza, no estamos haciendo meras declaraciones de principios a nivel general y programático. Se trata, creo, de una cuestión trascendental que tiene sus repercusiones concretas en todos los niveles y órdenes de nuestra actividad política.



Así, cuando hablamos del Partido de masas que Galicia necesita, cuando señalamos la necesidad de potenciar al máximo la capacidad creadora de nuestros militantes, cuando propugnamos la necesidad de un gran Partido crítico y autocrítico, de desarrollar al máximo el principio del centralismo democrático en el funcionamiento del Partido, ¿que queremos decir con ello? ¿Cómo se llevan estas orientaciones a la práctica diaria en el seno de cada organización y por cada militante? ¿Se pierde todo ello en meras declaraciones genéricas o repercute verdaderamente en nuestra praxis política diaria?

La respuesta a tales interrogantes, de capital importancia para la marcha del Partido, nos lleva de la mano a la necesidad de examinar más en concreto el entorno político en el que se desarrolla nuestra actividad de militantes comunistas.

A medida que la situación política en el país se torna más compleja, a medida que el proceso revolucionario avanza y las luchas se hacen más incisivas, la aparición de otras fuerzas y grupos políticos que también trabajan en el seno de los movimientos de masas, presentando sus alternativas y su línea política en contraste con la nuestra, es una realidad incuestionable que no debe de extrañarnos. El Partido no aspira a tener la exclusividad en ese terreno ni pretende "dominar" por encima de todo. Los comunistas no renunciaremos nunca a ser el Partido dirigente de la revolución en nuestro país; pero creo que dicho papel se logra a través de las luchas diarias, estando continuamente a la vanguardia de las masas, no solo con nuestra presencia física sino con nuestra influencia y el peso de nuestra política en su seno, y no por títulos honoríficos o de otro tipo. Para jugar el papel verdaderamente dirigente en el proceso revolucionario de nuestro país, como hoy lo viene haciendo nuestro Partido, no basta con tener una estrategia y una táctica revolucionaria, elaboradas de una vez y para siempre. La realidad no es estática, sino dinámica y cambiante, y por ello nuestra línea política y nuestra táctica deben de ir adaptándose a esa realidad, sabiendo asimilar paso a paso los nuevos factores que surgen, abordando con audacia las nuevas situaciones, y todo ello en la perspectiva de una mayor profundización e incidencia en el proceso revolucionario que, dando al traste con la dictadura y estableciendo la democracia, lleve a la conquista, a través de un complejo proceso, del socialismo.

Desde esta perspectiva, la importancia de la crítica y la autocrítica en el seno del Partido es un factor de primer orden, y más en nuestra línea de crear

un ouxetivo inmediato:

Ven da páxina 1

propaganda do réximen e dos intereses monopolistas que presenta ós produtores agropecuarios como causantes da carestía da vida, cando son vítimas.

Trátase asimesmo de ver con claridade o que amosa Navarra. Pra organizar e espallar a loita a todos os sectores do campo é moi necesario unha utilización audaz e profunda de todas as posibilidades legais: Sindicatos de gandería, Cooperativas, Hermandades, etc. Mais cando é necesario e existen condicións pra elo hai que sobrepasar esa legalidade utilizando os medios de loita mais adecuados, según as condicións da zoa dada e o estado de ánimo dos labregos. É necesario asimesmo o reforzamento da unidade con todas as forzas que tendo influencia entre as masas campesinas, poiden poñer esta ao servizo da mobilización destas e do pobo en defensa dos labregos. Pero hoxe, ademais disto, é absolutamente imprescindible a converxencia co sector da burguesía agraria que se enfrenta sen recato á política gandeira do Goberno polo que ésta teñe de espoliadora, anticampesina e antinacional.

Neste último aspecto non valen sectarismos de ningún tipo.

Hoxe é posible erguer ó conxunto do campo galego, mobilizalo masivamente, polos seus problemas mais urxentes e agobiantes. Si se leva a cabo esa mobilización os labregos daranse conta que topan directamente co muro da ditadura, devíndose así mais facil facerlle comprender que as solucións reais ós seus problemas de fondo pasan pola caída da ditadura mesma, que hoxe é a principal causante da súa desastrosa situación. Neste senso pódese potenciar o seu enfrentamento cada vez mais abertamente co réximen.

As peticións pra estes traballadores do mar eran monstruosas, pedíndose pra Manuel Pillado pola acusación privada, que a ostentaba o feixista Liaño Flores, trece anos de cadea.

A defensa do noso campo non corresponde sómente ós campesinos, é tarefa de todos aqueles que hoxe aspiramos a unha Galicia desenrolada, non marxinaada do resto do país. Bloquear hoxe e facer cambiar a política do réximen tendente á desintegración da nosa economía campesina-

é o imperativo do momento. Si o réximen consegue consumir a súa obra destrutora sobre o noso campo, non sómente será un inxente problema social sinon que no futuro sufriríamos as graves consecuencias e trabas que esto acarrearía pra poder abordar un auténtico e real desenvolvemento da economía da nosa nacionalidade.

Neste senso, o Partido Comunista de Galicia fai unha chamada a todos os sectores sociais non monopolistas, en especial á clase obreira, ós estudantes, ós profesionais, ós curas progresistas, a todos; pra promover un verdadeiro FRENTE NACIONAL en defensa do noso campo, dos nosos campesinos.

A toma de postura, no seu día, dos Colexios de Abogados e de centos de cregos contra a cuota empresarial da S.S. Agraria

ria e demais gravámenes que afogan ós nosos labregos, os plantexamentos feitos encol do campo no Congreso do Dereito Galego; a defensa dos campesinos e profesionais de Ourense que foron xuzgados polo TOP por parte de importantes organismos e personalidades de aquela cidade, son precedentes que mostran que a consecución dese fronte é posible.



Apoíemos ós gandeiros na súa eixencia de precios remuneradores pra carne e pro leite; porque os campesinos modestos sexan esimidos da cuota empresarial da S.S. Agraria; porque se conceda a todos os labregos unha moratoria xeneral ano na amortización de todos os cretos públicos ou privados; por todas as súas reivindicacións fronte ao Goberno política dos monopolios. Axudemoslles a elevar mais outa a súa loita pra que se fagan ouvir e pra que as súas reivindicacións sexan satisfeitas.

O xuício contra dos pescadores

Días pasados tivo lugar na Audiencia da Cruña o xuício contra MANUEL PILLADO, ex-patrón maior da Cofradía de Pescadores do Ferrol e contra sete antigos membros do Cabildo da mesma.

As peticións pra estes traballadores do mar eran monstruosas, pedíndose pra Manuel Pillado pola acusación privada, que a ostentaba o feixista Liaño Flores, trece anos de cadea.

No curso do xuício o Fiscal Sr. Monzón, que deu mostras en todo momento dunha gran ouxetividade xurídica, rebaixou a petición a seis meses pra Manuel Pillado e catro pra os restantes procesados, re saltando con isto ainda mais a figura feixista de Liaño e, en definitiva, da

Organización Sindical que era quen acusa ba.

Pola nota feita pública o día 30 de Setembre xa sabemos que a sentenza ditada pola sala segunda da Audiencia Territorial da Cruña, consiste en condenar a Manuel Pillado Martínez á pena de 4 meses e un día de arresto maior e accesorias, e ausolver ós outros procesados. Aínda que, repetimos, das peticións da acusación á sentenza hai unha longa diferenza, esa condena resulta de todos modos inxusta, xa que Manuel Pillado coma os demais debiera haber sido ausolto.

No próximo número daremos unha ampla opinión sobor deste xuício e da súa importancia política.

- frente obreiro -

A S TELEFONISTAS DE VIGO

Trinta telefonistas que representaban a 800 compañeiras de toda Galicia, recluirónse o pasado día 7 de Setembro na eirexa dos Apóstoles hastra as seis e media da mañá do día 8. Mentras durou o encerro, unha comisión de traballadoras visitou ó Sr. Delicado Baeza, Obispo da cidade, pra que fixera xestións diante d Ministerio de Traballo, Gobernador Civil e de mais autoridades.

Estas traballadoras están contratadas pola Compañía Telefónica pro servizo de centralitas de explotación en réximen familiar ("centralitas rurales") e dende fai tempo veñen quedando sin posto de traballo, a causa da automatización que actualmente leva a cabo a CTNE.

O día 20, como réplica ó presidente, 46 telefonistas rurales de toda Galicia fixeron un escrito que foi publicado na "Voz de Galicia", no que decían, entre outras cousas: "Lamentamos su tono cuando nos trata de "supuestas" telefonistas", e "Ni representan ni defienden adecuadamente nuestros intereses quienes someten a condiciones nuestra integración a la plantilla de la Telefónica". Tamen sinalaban que a devandita automatización xa tiña dado lugar a despedidos en Foz, Arcade, Ponte-deume, etc.

O PLANTE DE VELADAS EN

BARRERAS

Sigue o plante de veladas nalgunhas das seccións de Maquinaria, que se tiña iniciado en Agosto. Os traballadores eixen a prima estimada de 70, dacordo ca súa plataforma reivindicativa. Perante a semana do 17 ó 21, os soldados tamén plantaron as veladas, pedindo que lles señan millor pagadas.

A B. P. S. E OS TRABALLADORES

Dende fai mais ou menos un mes e medio os da Social andan polos barrios ou zonas frecuentadas polos traballadores, en grupos de tres ou cinco e cunha aitude provocadora e insultante, pedindo a documentación, etc.

O pasado día 16 (domingo) 12 poliias da Social entraron nun establecemento que se atopaba cheo de xente, a iso das dúas da tarde, e detiveron ó conocido traballador de VULCANO, que tiña sido despedido en Setembro do 72, RAFAEL CARIDE SIMON, a quen tiveron na Comisaría hastra as nove e media da noite dese día.

Dende o momento mesmo da súa detención, a noticia espallouse rapidamente por tódalas partes, e de maneira especial entre os traballadores de Vulcano, que estaban dispostos a defender ó seu compañeiro e facer un paro o día seguinte, **¡USO ASI, PROTEXENDO AS MASAS ÓS TRABALLADORES PERSEGUIDOS POLA B.P.S. PODESE FACER RECUAR A ESTA E MAIS A SUA PRETENDIDA ACTIVIDADE DESORGANIZADORA ENTRE A VANGUARDIA. ¡FRENTE A REPRESION O MURO DAS MASAS!**

OS TRABALLADORES DA COLLA

Continuansin chegar a un acordo os traballadores e os armadores, despois de tres reunións. Os armadores queren formar unha cooperativa co que os ingresos dos traballadores veríanse reducidos nun 50 por cento. Tamen dicen que eles venderían a Quiñón e despois llo darían ós traballadores, pero estes tampouco aceutan iso. Todo fai pensar que os armadores e mais os verticalistas estiveron alargando as negociacións tratando así de impedir que mentras duraba a Exposición Mundial da Pesca, puidera haber conflitos no Porto.

9 de outubro: xuício no T.O.P. contra sete obreiros do Ferrol

O día 9 de Outubro, terá lugar no TOP de Madrid un xuício contra sete obreiros-ferrolans acusados de asociación ilícita e da súa participación na defensa dos despedidos da empresa "Megasa" no ano 70-71. Entre eles está o dirixente obreiro RAFAEL PILLADO, pra quen neste caso se piden cinco anos de cadea. Recordamos que PILLADO ten pendiente outro xuício, con 24 compañeiros mais, co gallo dos acontecementos do pasado 10 de Marzal no Ferrol, e que no dito xuício se lle piden 17 anos; en total, mais de 100 anos pros 25 procesados.

Na morte do camarada

PABLO NERUDA

A morte do noso camarada, o gran poeta universal PABLO NERUDA, ven agora a sumarse ás múltiples e dolorosas noticias que nos chegan dende Chile. A figura de Neruda como poeta é coñecida dabondo por todos, figurando en tal senso nos anales dos millares de poetas en lingua castelán de tódolos tempos.

Pero en NERUDA, indisolublemente xunguida ca súa labourea de creación poética (poesía, por outra banda, absolutamente militante), destaca a súa militancia política, destaca a súa abnegada entrega de militante comunista á causa da revolución chilena e latinoamericana.

Foi sempre moi sensible as desgracias do noso pobo, o que coñecía profundamente; non en vano foi sorprendido en Madrid pola sublevación feixista do 36.

Nós, dende estas páxinas de "A Voz do Pobo" queremos rendir o mais emocionado homenaxe a este gran home que prestixiou por todo o mundo as nosas ideas revolucionarias, que defendeu hastra o derradeiro día da súa vida. O Partido Comunista de Galicia estamos neste intre ó lado da súa familia, da súa compañeira, e de todo o pobo chileno ca nosa solidariedade de combate.

A loita dos mariscadores

Esta vez foron as de Bamio e Abalo os que se concentraron o viernes 28 de Setembro diante da comandancia de Marina, tendo que facelo de novo o sábado 29 en maior número pra facerse ouvir.

Centos de homes e mulleres manifestáronse de modo compacto pra protestar pola medida que lle prohibía mariscar na zona da Fangureira acotada, coma outras, pola inxusta decisión do Ministerio de Marina e do "Plan Marisqueiro".

Defendendo o dereito que lle está recoñecido de mariscar, pois pra iso son mariscadores e teñen o seu carnet, os valentes das parroquias de Bamio e Abalo dirixíronse en masa a zona da Fangureira e arrancaron os postes que, coma chantós, delimitaban a praia e facían dela un coto particular, neste caso pra uso da Cofradía de pescadores de Carril.

Sabido é o apoio que nós sempre prestamos aos mariscadores e mariscadoras, en defensa dos seus dereitos. Frente ó acotamento de praias por monopolios particulares, nós sempre defendimos e defendemos o mar libre. Aconsellamos ademais unha organización cooperativa do marisqueo que sexa rexida polos propios mariscadores e lles dé a eles a ganancia da comercialización do marisco que hoxe a levan o enxambre dos intermediarios. Igual facemos hoxe, dirixindo un caluroso saúdo de loita ós combativos mariscadores que veñen de levar a cabo a avandita acción. Mais doeríanos moito que a manipulación política que fai o réximen, ca axuda do Plan Marisqueiro de Galicia, do asunto das praias e dos viveiros de mariscos, sirva pra enfrentar aos mariscadores-pescadores dunha aldea, dunha vila ou comarca coas de outra ou viceversa.

Os mariscadores todos deben poñerse de acordo entre sí, entre eles, e loitar xuntos, vencellados contra do enemigo común que é o que quere enfrentalos: O Goberno e os seus representantes.

Ditadura feixista en Chile

No intre en que escribimos estas liñas, aínda e confusa a situación en Chile, aínda non podemos facer un análise serio dos tráxicos acontecementos que derrocaron ó Goberno popular e remataron ca implantación dun réximen feixista, ferrozmente antibreiro e antipopular, que liquidou brutalmente a democracia chilena.

Os pobos de España sabemos pola nosa amarga experiencia o que un feito semellante significa e por iso somos especialmente sensibles e solidarios cos nosos hirmans chilenos. O Partido Comunista de Galicia, interpretando o sentir unánime dos traballadores e do conxunto das masas populares galegas, quere hoxe espresar a mais fonda repulsa a un réximen que, como o noso, se ergue sobre un cemeterio.

Rendimos tamén homenaxe á figura de Salvador Allende con tódolos dirixentes da Unidá Popular, e moi especialmente ós nosos camaradas chilenos, a vida dos cales corre hoxe un inminente peligró, e é un deber internacionalista de tódolos revolucionarios o salvarla.

Neste senso, chamamos a tódolos traballadores galegos, ós campesinos, ós nosos estudantes e profesionales a desenvolver de tódolos xeitos posibles a nosa solidariedade activa co pobo de Chile, polo aillamento do novo Goberno e mais a redobrar a loita anti-imperialista, especialmente contra do imperialismo norteamericano, que xogou un papel fundamental no golpe militar chileno.

¡ONTE POLO VIETNAM, HOXE POR CHILE!

VIGO, 11 de Setembro

Con esa data escomenzou fai un ano a Folga de Setembro en Vigo. Perante quince días os bravos traballadores vigueses tiveron paralizada a vida industrial desde cidade. Non houbo, nestes derradeiros trinta anos, outra Folga Xeneral local que durase tantos días. No seu momento, foi como un alda bonazo pra toda a clase obreira española, e tamen onde mellor se manifestaron as características que vai a ter o momento obreiro español no intre de estar a romper a Folga Xeneral en diversos puntos e localidades. Neste senso, a experiencia de Vigo sigue sendo unha enseñanza permanente e aínda pouco estudada por nós mesmos.

Pro réximen foi como un escopetazo na sua cara. Polo feito de producirse e de estar os comunistas ó frente, e tamen por non poder dar un escarmento exemplar. A represión en Vigo non poido chegar tan lonxe como querían, polo menos como no Ferrol en marzal, debido ó feito de continuar a loita despois da folga, debido ó xeito de retirarse combatindo os traballadores de Vigo. Agora, co renacemento, xa dende a primavera, do movemento obreiro en Vigo, que non se fixo agardar moito, os obreiros de Vigo encamiñanse hacia novas folgas, adeprendéndose das experiencias pasadas.

Pra Galicia, o marzal ferrola e o setembro vigués siñifican o ascenso, a forza da sua clase obreira e a sua potencial capacidade de sere a clase dirixente de Galicia na loita pola sua liberación nacional e social.

Conforme na folga de setembro de Vigo atópanse as esperencias do Marzal ferrolan, na Folga Xeneral de Navarra, de xuño do 73, atópanse as esperencias da folga de Vigo, milloradas nalgus aspectos e cunha correlación de forzas moito mais favorable pros traballadores que a que se tiña en Setembro do 72. Correlación de forzas que Vigo e mais Galicia axudou e non pouco, a crear. A vitoria pódese decir total en Navarra (houbo quince despedidos, pro ían seren readmitidos noutras empresas), pola causa, mais que nada, de porse os patrós, debido á loita obreira, en contra da taitica de despedidos masivos do réximen. Esta vitoria é tamén a vitoria de Vigo: hastra donde non se poido chegar eiquí, chegouse aló, pero antes tivo que pasar a experiencia de Vigo.

Pro futuro, trátase de rematar as folgas xenerales limitadas como en Navarra, na práctica, sin cásque despedidos ou presos das fábricas, como rematou a folga de Barreras de Vigo no mes de Maio. Así demóstrase que iso OXE E POSIBLE. A consiña: nin un despedido, nin un detido, nin un sancionado, vai tendo o millor dos ambientes pra facerse realidade.

Tribuna do II Congreso

Viene de la página 3

un gran Partido de masas, que no es un grupo de "abnegados camaradas" que se aglutinan en torno a la figura de uno o varios dirigentes de prestigio. Nuestro Partido es hoy ya un gran colectivo de camaradas, muchos de ellos jóvenes, de enorme combatividad y capacidad política, procedentes de las grandes movilizaciones populares habidas en nuestro país en estos últimos años, y que se han ido configurando como dirigentes de enorme prestigio, junto con cientos de trabajadores, estudiantes, campesinos, profesionales, etc. que han librado sus primeras batallas en el ardor de la lucha de las masas. Son cientos de camaradas que tienen experiencias que aportar al Partido, que con sus luchas diarias dan una aportación decisiva a nuestra línea política, a la concreción de nuestra táctica, a cada nueva situación que surge.

Estos nuevos destacamentos de militantes que hoy acceden al Partido se plantean con espíritu crítico y autocrítico el análisis y la comprensión de nuestra política, su discusión en profundidad para luego llevarla al sero de las masas, la superación de los errores y fallos que en ocasiones se dan, a través de la constatación de su justeza o incorrección en las luchas diarias.

Porque evidentemente, el espíritu triunfalista que pudiera existir aún en algunos camaradas, y que aparece como una barrera que dificulta cualquier posibilidad de actividad creadora, no puede, a pesar de todo, hacernos cerrar los ojos a la realidad de que seguimos teniendo

fallos, de que muchas veces no sabemos aprovechar una coyuntura favorable para la movilización de las masas, de que existen insuficiencias serias en algunos órdenes, de que en nuestro trabajo político aún perviven a veces aquellos "métodos artesanos de trabajo" de que hablaba Lenin y que es necesario superar.

Todo ello, desde luego, al lado de los importantes aciertos que tenemos, al lado del papel de vanguardia que cada día en mayor medida viene desempeñando nuestro Partido en la realidad política de Galicia, al lado de nuestra creciente influencia entre las amplias masas.



Pero a la hora de afrontar estos problemas, de rellenar esas lagunas, es claro que no defendemos el ejercicio de la crítica y la autocritica de una forma abstracta y teorizante, a través de eternas discusiones en círculos minoritarios y elitistas; se trata de acudir en cada momento a la práctica de las luchas diarias, de utilizarlas como contraste, y no abandonando las tareas de masas, comprobar si una determinada orientación es correcta o no, dentro de nuestra estrategia global y cuales son sus repercusiones.

Porque si bien es cierto que el papel de un Partido revolucionario es transformar la realidad a través de la actividad política de sus militantes, encabezando las luchas de las masas populares, no por ello deja de ser erróneo el pretender adaptar falsamente la realidad a nuestros deseos subjetivos, para que esta no contradiga los planteamientos elaborados a priori.

Xesús Lameiro

Continuará.

necesidad de la...

Viene de la página 8

Todo lo dicho adquiere en Galicia unas características propias. La coyuntura económica española se refleja (si bien algo amortiguada, alejada como está Galicia de los centros de gravedad de la economía española) en la boyante situación naval en cuanto a pedidos y a la fulgurante expansión de CITROEN que plantea cuadruplicar su producción y llegar a emplear a 13.000 trabajadores en 1.980. Inversiones como la Planta de Aluminio de Villagarcía y en Puentes de García Rodríguez, nueva empresa de Moises Alvarez, industria láctea y otra de pasta de papel patrocinadas por SODIGA y otras, dan la medida de cierto crecimiento capitalista coexistente con el decaimiento, incluso acelerado, de otros sectores y empresas gallegas, de Galicia en su conjunto.

Donde no aparece discriminada Galicia es a la hora de los "costes sociales" de la situación. La subida de los precios es no menos alta que en el resto de España, repercutiendo sobre salarios insuficientes (un 80 por ciento de la media española), débilmente mejorados en los últimos convenios, que fueron negociados después de la represión sobre el movimiento obrero que siguió a las huelgas del 72. ¿Que trabajador gallego no siente la necesidad de pasar a la ofensiva en lucha por mejores salarios, por arrancar a la patronal una mejor remuneración y contra el Gobierno? La propia realidad de multitud de reivindicaciones obreras insatisfechas, pendientes, como consecuencia de la superexplotación del obrero gallego y del carácter solidario, no reivindicativo, de la mayoría de las huelgas del año pasado, ¿no hace mas necesaria en Galicia la ofensiva obrera?

Santos Nos

Continuará.

**LEE E DISCUTE
OS
MATERIALES
DO II CONGRESO
DO PARTIDO
COMUNISTA
DE GALICIA**

RADIO ESPAÑA INDEPENDIENTE

NUEVAS ONDAS

De 7 h. a 7,55 h.: 21, 25, 30 y 39 metros

De 14 h. a 15 h.: 17, 19, 21 y 25 metros

De 17 h. a 0,15 h.: 21, 25, 30 y 39 metros

Necesidad de la

OFENSIVA OBRERA



Tanto en la industria fabril como en la construcción atravesamos por un auge de las inversiones y en la utilización de los recursos productivos capitalistas. El crecimiento de la producción está siendo considerable. Con ánimo de hacer posibles los beneficios capitalistas máximos que se están obteniendo, el Gobierno, pese a las aparentes medidas en contra, promueve conscientemente las subidas escandalosas de los precios.

Acumulación de capital significa sobreexplotación de los trabajadores y ofensiva capitalista contra éstos. Con los medios de financiación asegurados y una buena cartera de pedidos, los capitalistas tratan de atacar las condiciones de vida y de trabajo de la clase obrera, de incrementar el grado de explotación de los trabajadores haciendo descender sus salarios reales. La carestía de la vida está alcanzando niveles exasperantes y amenaza seguir subiendo. ¿Hasta donde? ¿Dónde queda el ya débil poder adquisitivo de los trabajadores?

Por otro lado, están los intentos de alargar la jornada laboral mediante las horas extra, aumento de rendimientos y ritmo de trabajo. Respecto a las condiciones de trabajo, se intensifica el trabajo nocturno, los turnos y el trabajo en festivos y domingos y empeoran las condiciones de seguridad e higiene en el trabajo que atentan contra la salud de los trabajadores y hacen más posibles los accidentes.

* * *

En su tarea de extraer más plusvalía y deteriorar nuestra situación y con objeto de tener las manos libres para ello, el capital persigue imponer en el interior de las empresas una mayor represión, un régimen carcelario que ponga más obstáculos a la acción obrera. En este afán represivo hay que incluir el proceso del régimen contra CANACHO y sus compañeros, con el que se pretende golpear a toda la clase obrera, a su resistencia; a su lucha, al derecho de libertad sindical; hay que incluir el proceso contra Pillado, Aneiros y los otros 23 encartados por lo del 10 de marzo, y en general, los golpes contra el movimiento obrero dentro y fuera de la Empresa.

Mientras dure la coyuntura de las vacas gordas, el capital español se apresura para acumular al máximo, lo que es consustancial con su carácter. Pero además hay un objetivo claro: situarse en la mejor posición posible ante la ya inevitable apertura del mercado español a los productos europeos en un plazo de unos pocos años, ante la avalancha del capital extranjero en España; poder competir internacionalmente, poder sobrevivir ante los colosos del capital extranjero y más ahora, cuando a juicio de muchos, se avecina una verdadera guerra económica internacional por los mercados.

Como clase dominante, los capitalistas esperan ilusoriamente (eso es lo que les hace creer el Gobierno Carrero), que acrecentando su poder económico podrán disponer de un mayor margen de maniobra en el futuro que les permita mantener a distancia el peligro de la revolución. Los oligarcas que así piensan (se habla incluso de varios años de expansión económica) se olvidan de varias cosas: 1) Que el primer obstáculo a la expansión económica es la existencia del régimen franquista que impide la entrada de España en la CEE en condiciones de igualdad, haciendo de los acuerdos con ésta algo realmente desastroso para el capitalismo español; 2) que es la propia dictadura y sus estructuras motivo permanente de la radicalización permanente de las luchas obreras y de su extensión; 3) que sobran especialistas, inclusive de la misma burguesía, que dentro y fuera de España viene advirtiendo sobre la posibilidad de una recesión mundial que se iniciaría en los EE.UU., de parecidas dimensiones a la Gran depresión del 29 como colofón al crecimiento económico capitalista que siguió a la guerra mundial. ¿Quién ignora los efectos multiplicadores en España de las crisis económicas internacionales? Y, ¿cómo no tener en cuenta la probada combatividad y nivel organizativo del proletariado español que ha levantado una intensa marea reivindicativa que va situando al capital y al régimen a la defensiva? (por ejemplo: Navarra).

Con el año 73 se inició por toda la geografía española una ola reivindicativa solo comparable por su extensión y profundidad al movimiento huelguístico de los años 62, 63 y 64. Ola reivindicativa que viene a caballo de la reactivación económica y es paralela a la reactivación del movimiento obrero en los centros tradicionales (Cataluña, Euzkadi y Madrid), que pugnan por colocarse a la vanguardia del movimiento a nivel del Estado, con lo que supone el que se puedan dar allí las cotas ya alcanzadas en Ferrol, Vigo y Navarra.

Ola reivindicativa que se transforma en una potente ofensiva obrera general que todavía no ha alcanzado su cima. Su posible objetivo no puede ser otro que la Huelga General política y la Huelga Nacional, el derrocamiento del régimen fascista de la oligarquía. Mas esto a condición de que se desarrolle con más fuerza la convergencia de fuerzas sociales antagonicas.

Ninguna conquista económica o interna en la Empresa se ve libre de la ofensiva de la patronal y del Gobierno. Pretenden que ganemos el pan de nuestros hijos a costa de explotarnos hasta el límite. La respuesta obrera está en marcha en toda España, no solo defendiendo las posiciones adquiridas, el nivel de salarios, sino pasando al ataque, a la conquista de las reivindicaciones económicas y políticas que necesitamos satisfacer. En lo económico nunca mejor momento que el actual para la ofensiva obrera. Nunca mejor momento tampoco para, con el desarrollo de la lucha de clases, ayudar a poner de manifiesto la contradicción entre trabajo y capital, sino también la creciente contradicción entre el régimen y los intereses económicos y políticos de una gran parte de la burguesía española.

Pasa a la página 7